

REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO COMITÉ DE EMPRESA E A XERENCIA

Acta do 23 de novembro do 2011

Asisten:

Xerente da UDC: Grela Barreiro, María Jesús
Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)
Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT) incorporase as 10:05
Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT)
Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)
Rodríguez Barba, Ana María (CUT)
López Domínguez, Javier (CCOO) incorporase as 10:30
Otero Canabal, Jorge (CCOO)
Cordal Fustes, Jorge (CIG)
Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)
Pena Pérez, Enrique José (CIG)
Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)
Romero Beade, Manuel (USO)
Rey Souto, María Teresa (UGT) incorporase as 10:20

Non asisten:

Secretario: Muñiz Seijas, Juan Carlos (CUT)
Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)
Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

Orde do día:

- Punto 1:** Convocatorias e tribunais.
- Punto 2:** Praza L607 auxiliar de servizos na ETS de Náutica.
- Punto 3:** Control de acceso no SAI.
- Punto 4:** Xubilacións de Emilio Bugallo Aller e Manuel Ríos Barbeiro.
- Punto 5:** Seguridade no edificio Xoana Capdevielle.
- Punto 6:** Asuntos varios.

Comezo da reunión ás 12:30.

Punto 1: Convocatorias e tribunais.

Solicítase á Xerencia a publicación das convocatorias pendentes, en resposta a este requirimento a Xerente comprométese en reunirse mañá as 09:30 cunha comisión do comité de empresa, para redactar a convocatoria de técnicos de laboratorio e aclarar e identificar as convocatorias pendentes de publicar.

Punto 2: Praza L607 auxiliar de servizos na ETS de Náutica.

Con respecto ao traslado do traballador da praza de Auxiliar de Servizo de ETS Náutica a Xerencia aclara que aplica e interpreta de forma literal o Convenio Colectivo.

Punto 3: Control de acceso no SAI.

Control de Acceso no SAI. A Xerencia aclara que é para uso de fóra de horario laboral tal como xa aclararon ao comité de empresa Enrique José Pena Pérez e Pedro Manuel Monteserín Macías. As cámaras que se instalarán serán para visionado non en continuo, senón en diferido, e poder monitorizar dende a Reitoría. Outra acción que se afrontará será o reformulación do aparcamento, concretamente, na zoa de entrada para os camiós de carga de gases xa que hoxe en día teñen problema de manobra cando acceden á zoa de carga.

Punto 4: Xubilacións de Emilio Bugallo Aller e Manuel Ríos Barbeiro.

Con respecto as xubilacións a Xerente aclara que aplica de forma literal o que di o Convenio Colectivo tanto para o premio de xubilacións aos 64 anos como para o premio de xubilación e como contabilizar o tempo na antigüidade soamente a da UDC. Acórdase en facer unha interpretación do Convenio Colectivo en este punto en outra reunión exclusiva para este asunto.

Punto 5: Seguridade no edificio Xoana Capdevielle.

O Comité de Empresa solicita o informe técnico que aclara a seguridade do edificio do Xoana Capdevielle. A Xerente indica que enviará copia. Continuando neste centro, Jorge Fustes recorda que hai un problema de malestar coa Técnico de Mantemento xa que entende que lle encargan informe, sobre este tema, que non ten que facer xa que interpreta que non ten que facelos. A Xerente aclara que non hai unha petición formal por parte da traballadora. Organicamente esta técnico depende do servizo de Obras.

Punto 6: Asuntos varios.

Consulta do estado da permuta entre traballadora de Santiago e Traballadora da UDC, a Xerente aclara que está tramitada.

O comité de empresa pregunta como queda a distribución do servizo de informática sobre todo pola incorporación dos novos compañeiros. Hai un documento de distribución que está acordado entre a Xerencia e o Comité de Empresa. Acórdase facer unha reunión entre a Xerente e o Comité de Empresa estando presente Víctor Carneiro e aclarar a situación.

Sen máis temas que tratar remata a reunión ás 14:30.

O Secretario

Vº e prace da Xerente

Vº e prace do Presidente